:: PREMIOS E DISTINCIÓNS ::

Premios: Como ven sendo habitual dende hai anos, tamén este curso incentivouse a participación do noso alumnado en concursos e certames diversos, tendo especial relevancia os directamente relacionados coa innovación educativa, eido no que estamos a traballar intensamente co obxecto de adecuar as nosas ensinanzas á realidade sociolaboral.

O resumo destes proxectos recóllese seguidamente.

15.10.2013: Presentación dun proxecto de innovación educativa no certame "Premios ás boas prácticas de innovación educativa desenvolvidas durante o curso escolar 2012-2013 en centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria" convocado pola Resolución do 12 de setembro de 2013 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se convocan premios ás boas prácticas de innovación educativa desenvolvidas durante o curso escolar 2012-2013 en centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Coordinador José Antonio López. O 10 de decembro publícase a resolución definitiva destes premios, obtendo o IES Leixa o 2º da **modalidade G**: Iniciativas de emprendemento e/ou de innovación metodolóxica na Formación Profesional, dotado con 2.000 €.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

galicia

UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE invista no teu futuro"

Resolución definitiva da convocatoria dos premios ás boas prácticas de innovación educativa desenvolvidas durante o curso 2012-2013

Modalidade F: Mellora da aprendizaxe e do uso das linguas estranxeiras						
Premio	**Cuantía**	**Boa práctica**	**Código**	**Centro**	**Concello**	**Provincia**
1º premio	3.000 €	Uso das TICs nas seccións bilingües	15002165	CEIP Wenceslao Fernández Flórez	Cambre	Coruña (A)
2º premio	2.000 €	I can travel around the World with english	36014994	EEI Concepción Crespo Rivas	Pontevedra	Pontevedra
Modalidade G: Iniciativas de emprendemento e/ou de innovación metodolóxica na Formación Profesional						
Premio	**Cuantía**	**Boa práctica**	**Código**	**Centro**	**Concello**	**Provincia**
1º premio	3.000 €	Inclusión do alumnado con deficiencia auditiva. Acústica das aulas e acceso á linguaxe oral	15022607	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto	Coruña (A)	Coruña (A)
2º premio	2.000 €	Proxectos colaboración	15021469	IES Leixa	Ferrol	Coruña (A)

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2013

O Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Manuel Corredoira López

2

O día 28 de febreiro celebrouse un xantar entre os docentes e os estudantes premiados onde se lles fixo entrega dun agasallo así como un diploma acreditativo.

Estes premios pretenden recoñecer as boas prácticas innovadoras desenvolvidas polos centros educativos galegos públicos na súa procura da mellora da calidade educativa.

Destinatarios: centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Modalidades:

A. Mellora da convivencia nos centros educativos galegos.
B. Atención á diversidade.
C. Uso innovador das tecnoloxías da información e da comunicación que introduzan cambios metodolóxicos.
D. Desenvolvemento das competencias básicas.
E. Mellora da aprendizaxe e do uso da lingua galega.
F. Mellora da aprendizaxe e do uso das linguas estranxeiras.
G. Iniciativas de emprendemento e/ou de innovación metodolóxica na Formación Profesional.

Premios e dotación económica:

Cada modalidade contará cos seguintes premios:

1º premio: 3.000 €

2º premio: 2.000 €

Ademais, haberá 4 accésits por valor de 1.150 € cada un, para as boas prácticas nas modalidades que decida a comisión de selección.

Estas cantidades irán destinadas aos centros onde se desenvolveron as boas prácticas.

Recoñecemento para o profesorado:

Os autores dos traballos premiados serán recoñecidos pola Administración Educativa como premio de innovación educativa.

08.11.2013: Presentámonos ao certame convocado pola consellería a través da *"Resolución do 25 de outubro de 2013 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se convocan premios a proxectos de innovación tecnolóxica desenvolvidos durante o curso escolar 2012-2013 en centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, onde se impartan ensinanzas de Formación Profesional"*, coa aplicación informática "Appbuelos" desenvolvida no curso 2012-13, sendo os seus coordinadores os docentes D. José A. López Suárez e Dna. Montserrat Chao Millor. Esta convocatoria, como se recollía nas súas bases, quería por en valor as iniciativas de innovación tecnolóxica que se desenvolveron nos centros públicos que impartiron ensinanzas de formación profesional no curso 2012-2013 e que supuñan unha mellora na calidade da formación profesional en Galicia. Concretamente, presentámonos á **Modalidade G: Servizos sociais e sanitarios**, obtendo o primeiro premio, dotado con 10.000€. A resolución definitiva do certame publicouse o martes 31 de decembro de 2013.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

galicia

Ámbito G: Servizos sociais e sanitarios					
Contia	Título do proxecto	Código	Centro	Localidade	Provincia
10.000 €	Appbuelos	15021469	IES Leixa	Ferrol	A Coruña

19.12.2013: O estudante do ciclo superior de Deseño e Produción Editorial Javier Castro Fernández gaña un premio ao deseño do logotipo da Farmacia de Canido, dotado de 150€, séndolle entregado polo propietario da mesma nun pequeno acto celebrado no centro.

24.01.2014: O día 24 de febreiro celebrouse no salón de actos a entrega dos premios do concurso de relato curto que organizou a biblioteca. O primeiro premio foi para o relato "Amor, maldita palabra" do estudante do ciclo medio de Atención a persoas en situación de dependencia, D. Uxío Caaveiro González. O segundo premio foi para o relato "14 de febrero" da estudante do mesmo ciclo, Dna. Asís Lamas Díaz.

O xurado estivo formado polos profesores/as, Dna. Alicia del Río López, D. Julio C. Betegón Castelo e Dna. Victoria Mosquera López.

01.04.2014: Entrégaselle a alumna do CS de Deseño e produción editorial, Dna. Iria González Freire, o premio ao deseño do cartel anunciador da I Semana Cultural do Departamento de FOL. Cultifol.